


## LENTES VIOLETAS

O pasado xoves día 23 de novembro de 2023, o alumnado de 3º de ESO e un grupo de profesor@s e persoal non docente do CPI de Atios participaron na actividade “Lentes Violetas” impulsada polo concello de Valdoviño. No caso do alumnado, nesta formación específica abordáronse conceptos básicos en relación á igualdade e analizáronse brevemente os estereotipos de xénero ligados aos modelos de feminidade e masculinidade tradicionais e de que xeitos os transmitimos.

No caso do profesorado e persoal do centro afondouse na metodoloxía de traballo dende unha perspectiva igualitaria, abordando estratexias para aplicar a transversalidade de xénero nos contextos educativos por un lado, e por outro compartindo propostas de gamificación e prácticas concretas para traballar a igualdade de xénero con crianzas e adolescentes.



A formación combinou breves exposicións teóricas con momentos de reflexión grupal e dinámicas participativas.

